



O ARCEBISPO  
DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

## Carta Pastoral no Día do discapitado. Decembro 2017

### Mirarnos na persoa discapitada

Queridos diocesanos:

O día 3 de decembro temos presentes de xeito especial na nosa Igrexa diocesana ás persoas discapitadas, sendo conscientes de que estas son suxeitos protagonistas da pastoral con dereito.

#### Compromiso da Delegación diocesana de Catequese

“Ningún límite físico ou psíquico pode ser un impedimento para este encontro, porque o rostro de Cristo brilla no íntimo de cada persoa?” Neste sentido estase a crear un proxecto específico ao que se denominou *Catequese Dis-ferente* dentro da Delegación diocesana de Catequese. É urxente promover na diocese procesos de iniciación cristiá abertos a persoas en situación de discapacidade, formando parte das nosas programacións pastorais, acollendo o sentir da reflexión maxisterial do papa Francisco. Ben percibimos día a día que as persoas con habilidades diferentes teñen unha gran capacidade para relacionarse co espiritual, con Deus: “Bendito sexas, meu Pai, porque lle escondiches estas cousas aos sabios e aos prudentes e llas revelaches á xente humilde” (Mt 11,25). Elas ensinannos as habilidades do corazón, da gratuidade, da sinxeleza, do que é esencial na vida. Todos somos diferentes e con posibilidades distintas que nos levan a recoñecer que nos necesitamos os uns aos outros. Isto fainos valorar ás persoas polo que son, non por como son ou polo que teñen ou fan. A nosa dignidade radica en que fomos creados a imaxe e semellanza de Deus que ten un proxecto para cada un de nós. Esta mensaxe ha de dalo a catequese en calquera circunstancia a través de novas linguaxes que posibiliten a transmisión da fe, sabendo que “a misión encárnase nos límites humanos” (cf. EG 40-45).

#### Compromiso da nosa Igrexa diocesana

A nosa igrexa diocesana non só ha de estar disposta a ofrecer a atención precisa, senón tamén o recoñecemento e a integración social máis aló de todo sentimentalismo, traducindo esta actitude en formas sempre novas de fraternidade. “Coa vosa realidade, queridos discapitados, dicía o papa Xoán Paulo II na súa homilía do 3 de decembro do 2000, cuestionades as concepcións da vida vinculadas unicamente á satisfacción, á aparencia, á présa e á eficiencia.

Tamén a comunidade eclesial ponse respectuosamente á escoita; sente a necesidade de deixarse interpelar pola vida de moitos de vós, marcados misteriosamente polo sufrimento e polo malestar de enfermidades conxénitas ou adquiridas. Quere estar máis preto de vós e das vosas familias, consciente de que a falta de atención agrava o sufrimento e a soidade, mentres que a fe testemuñada mediante o amor e a gratuidade dá forza e sentido á vida". As nosas limitacións non teñen a última palabra. O que dá sentido á nosa vida é o amor, mantendo a serenidade de espírito na cruz do sufrimento. "Canto fagades aos demais, a min mo facedes" (Mt 25,35), díxonos Xesús. É posible avivar a nosa comunión eclesial se aprendemos a ver no outro á persoa a cuxo encontro habemos de saír. "A gloria de Deus é o home que vive" (*Santo Ireneo de Lyon, Adv. haer., IV, 20, 7*). Desde este convencemento queremos facer nosas vosas inquietudes e expectativas, os vosos dons e problemas. "Sabemos que o discapacitado -persoa única e irrepetible na súa dignidade igual e inviolable- non só require atención, senón ante todo amor que se transforme en recoñecemento, respecto e integración en todas as etapas da vida, sobre todo na idade adulta, ese momento sempre angustioso para os pais". Acompañámosvos nas vosas probas e nos vosos momentos de desalento para iluminalos coa luz da fe e coa esperanza da solidariedade e do amor.

#### **Na clave da transcendencia**

Toda dificultade física ou psíquica vivímola á espera da liberación que só se manifestará plenamente ao final do noso peregrinar terreo. Sen a fe esta espera pode converterse en desilusión e desconsolo. Co apoio de Cristo transfórmase en esperanza viva e operante. Queridos diocesanos, convídevos a vivir a proximidade e a comunión con quen por calquera motivo poden necesitarnos e se atopan nalgunha dificultade, conscientes de que o Señor nos recoñecerá ante o Pai se nós o recoñecemos no irmán. As nosas limitacións non teñen a última palabra. O que dá sentido á nosa vida é o amor que mantén a serenidade de espírito no medio delas. Sabemos que Xesús se sente solidario dos máis humildes como o que realmente descendeu ás situacións humanas máis dolorosas. Esta Igrexa compostelá acolle con toda consideración e afecto ás persoas discapacitadas, alentando a súa esperanza para superar os momentos de sufrimento que poidan cruzar a realidade da súa vida.

Saúdavos con afecto e bendí no Señor,



+ Julián Barrio Barrio,  
Arcebispo de Santiago de Compostela.